

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, SÁBADO, 23 DE MAIO DE 2026**PRESIDENCIA****LAZA (Ourense)**

13,30 h.- O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, asistirá á VII edición da xuntanza moteira organizada por Motoros.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

11,00 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá á misa con motivo da patroa da Policía Local.

Posteriormente, ás **12,00 h.**, asistirá ao acto institucional celebrado polo mesmo motivo.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE**PADRENDA (Ourense)**

18,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Ourense, Manuel Pardo, asistirá á *XII Festa Carneiro ao Espeto*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA**SANXENXO (Pontevedra)**

09,30 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, asistirá á *V Cumbre de la Alianza Ibérica de Agencias de Viajes*.

MEAÑO (Pontevedra)

17,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, visitará aos participantes na *VI Concentración Moteira Dena-Mita*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PONTEAREAS (Pontevedra)

19,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, asistirá á homenaxe a Álvaro Pino.

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**MONDOÑEDO (Lugo)**

12,00 h.- A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, Sandra Vázquez, asistirá ao acto de entrega do *II Premio de Novela Álvaro Cunqueiro*.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**VALDOVIÑO (A Coruña)**

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará a actuación desenvolvida para protexer a fauna na lagoa da Frouxeira.

FERROL (A Coruña)

12,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará a zona na que se levan a cabo actuacións de protección e conservación da pílara das dunas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**RIBADEO (Lugo)**

18,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, participará na presentación da Fundación Sergio Villar.

19,00 h.- O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, **Román Rodríguez**, acompañado do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, participará na inauguración da exposición *Un segredo por descubrir*, no marco da Festa das Cruces.

Posteriormente, **ás 20,00 horas**, asistirá á lectura do pregón.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

PADRÓN (A Coruña)

12,30 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará o aloxamento rural Casa de Marcelo, adherida ao programa do Carné +65.

TEO (A Coruña)

13,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, visitará a farmacia Atán, dentro do programa da Tarxeta Benvida.

A CORUÑA

10,00 h.- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, asistirá ao acto conmemorativo do 20 aniversario da Asociación do Espectro Autista en Galicia (Asperga).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

O GROVE (Pontevedra)

12,30 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da directora do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), Covadonga Toca, realizará unha visita ao hotel Spa Atlántico San Vicente do Mar.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A CORUÑA

20,30 h.- O conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, participará na entrega de galardóns do *XXXIX Gran Premio Cantóns de Marcha*, organizado pola Federación Galega de Atletismo.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

LUGO

11,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto co delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, dará conta das actuacións proxectadas para a urbanización da rúa Serra de Meira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MARÍN (Pontevedra)

19,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, acompañada pola directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, participará no acto de entrega de diplomas aos premiados na edición 2025 dos premios Gran de Area de Aportación á Arquitectura.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

O PORRIÑO (Pontevedra)

13,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, acompañado polo director de Industrias Culturais, Jacobo Sutil, asistirá á colocación da Estrela de Julio Médem no marco do Festival de Cans.

LUGO

19,30 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, inaugurará o espazo *Relembra da Vestimenta Galega*.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, asistirá á assemblea xeral do Museo do Pobo Galego.

SAN AMARO (Ourense)

12,00 h.- O director xeral de Patrimonio Cultural, Ángel Miramontes, participará nunha visita guiada ao Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa Lansbrica.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

SEVILLA

17,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, visitará a sede do Lar Gallego de Sevilla.

Posteriormente, ás **20,00 h.**, asistirá ao concerto *Xacobeo 27: un camiño para a cultura galega*, co gallo do 25º aniversario do grupo de gaitas deste centro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MURAS (Lugo)

11,30 h.- A xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, visitará a *X Romaxe Artesá da Chaira*.

PONTEVEDRA

12,00 h.- O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, visitará á 3ª edición do *Festival da Cultura Verde Plant Fest*.

FISTERRA (A Coruña)

13,00 h.- O secretario xeral da Emigración, Antonio Rodríguez Miranda, participará no acto de homenaxe á emigración fisterrá organizado polo Concello.

CONSELLERÍA DO MAR**VIGO**

11,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará na entrega de premios da primeira etapa da 57ª regata *Solitaire du Figaro Paprec*.